



Modernos e belixerantes: Entretenimento e pedagogía no folletín literario de *Galicia Emigrante*

Pablo García Martínez¹

Recibido: 23 de decembro de 2019 / Aceptado: 20 de maio de 2020

Resumo. A investigación recollida neste artigo usa como fio conductor a narrativa publicada no folletín literario da revista *Galicia Emigrante* (1954-1959, 37 números), dirixida polo exiliado republicano Luís Seoane. En primeiro lugar, o texto localiza a narrativa breve publicada na revista dentro do proxecto de educación popular artellado á volta desta publicación, ao tempo que sitúa este proxecto no contexto dunhas Guerras Frías culturais transatlánticas ás que non foi allea a cultura orgánica ao galeguismo, especialmente durante os anos cincuenta. Dende dentro deste marco, o artigo analiza a literatura narrativa publicada no folletín literario de *Galicia Emigrante* por autores como Antonio Baltar, Eduardo Blanco-Amor, Xosé Neira Vilas, Leopoldo Nóvoa, Xosé Núñez Búa, Xosé Ruibal ou Ramón de Valenzuela. Máis alá de poñer en valor antecedentes de fórmulas narrativas que deron en fitos definitorios da narrativa en galego de posguerra –como *Non agardei por ninguén* (1957) ou *A Esmorga* (1959)–, o artigo procura unha achega á historia intelectual galega do mesmo período, visibilizando o proxecto fracasado dunha terceira vía coa que os intelectuais de *Galicia Emigrante* procuraron, sen éxito, incidir nos debates sobre o futuro do nacionalismo galego que resistía –ben no exilio, ben na clandestinidade– ao franquismo.

Palabras chave: *Galicia Emigrante* (revista); literatura e educación popular; Guerras Frías culturais; cultura impresa.

[es] Modernos y beligerantes: Entretenimiento y pedagogía en el folletín literario de *Galicia Emigrante*

Resumen. La investigación recogida en este artículo usa como hilo conductor la narrativa publicada en el folletín literario de la revista *Galicia Emigrante* (1954-1959, 37 números), dirigida por el exiliado republicano Luís Seoane. En primer lugar, el texto ubica la narrativa breve publicada en la revista dentro de un proyecto de educación popular articulado en torno a esta publicación, al tiempo que sitúa este proyecto en el contexto de unas Guerras Frías culturales transatlánticas a las que no fue ajena la cultura orgánica al galleguismo, especialmente durante los años cincuenta. Desde dentro de este marco, el artículo analiza la literatura narrativa publicada en el folletín literario de *Galicia Emigrante* por autores como Antonio Baltar, Eduardo Blanco-Amor, Xosé Neira Vilas, Leopoldo Nóvoa, Xosé Núñez Búa, Xosé Ruibal o Ramón de Valenzuela. Más allá de poner en valor antecedentes de fórmulas narrativas que engendraron hitos definitorios de la narrativa en gallego de posguerra –como *Non agardei por ninguén* (1957) o *A Esmorga* (1959)–, el artículo procura una aportación a la historia intelectual gallega del mismo período, al visibilizar el proyecto fracasado de una tercera vía con la que los intelectuales de *Galicia Emigrante* procuraron, sin éxito, incidir en los debates sobre el futuro del nacionalismo gallego que resistía –ya fuera en el exilio o en la clandestinidad– al franquismo.

Palabras clave: *Galicia Emigrante* (revista); literatura y educación popular; Guerras Frías culturales; cultura impresa.

[en] Modern and Belligerent: Entertainment and Pedagogy in *Galicia Emigrante's* Literary Feuilleton

Abstract. This article uses as its conducting thread the narrative literature published by the literary feuilleton included in the magazine *Galicia Emigrante* (1954-1959, 37 números), edited by the republican exile Luís Seoane. The text connects the short stories published by the magazine to the efforts for popular education articulated in *Galicia Emigrante*. At the same time, the text relates this project to those transatlantic Cultural Cold Wars that were refracted, especially during the nineteen-fifties, to the culture organic to Galicianism. Using this framework, the article analyzes

¹ Humboldt Postdoc, Institut für Romanistik, Friedrich-Alexander Universität, Erlangen-Nürnberg.
Correo-e: pablo.garcia-martinez@fau.de; <https://orcid.org/0000-0003-3923-2442>.

the narrative literature published in *Galicia Emigrante*'s literary feuilleton by Antonio Baltar, Eduardo Blanco-Amor, Xosé Neira Vilas, Leopoldo Nóvoa, Xosé Núñez Búa, Xosé Ruibal, and Ramón de Valenzuela. The article's interest arises, first, from its analysis of narrations that set a precedent for milestones in post-war Galician literature –namely, *Non agardei por ninguén* (1957) and *A Esmorga* (1959). Moreover, the text engages with Galician intellectual history from the same period, since it makes visible the project of a third way articulated by the *Galicia Emigrante* intellectuals, who tried to unsuccessfully affect the debates on the future of a Galician nationalism resisting Francoism, either on exile or, if in Galicia, underground.

Keywords: *Galicia Emigrante* (Magazine); Literature and Pedagogy; Cultural Cold Wars; Print Culture.

Sumario. 1. A terceira vía que non foi, no galeguismo transatlántico dos anos cincuenta. 2. Educación popular e cultura de masas. 3. As literaturas populares do folletín de *Galicia Emigrante*. 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas.

Como citar: García Martínez, P. (2020): “Modernos e belixerantes: Entretemento e pedagogía no folletín literario de *Galicia Emigrante*”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 23 Núm. Especial, pp. 203-215.

O presente artigo é unha versión ampliada da palestra presentada no congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) de 2018, onde a literatura narrativa publicada na revista *Galicia Emigrante* (1954-1959, 37 números), dirixida por Luís Seoane (1910-1979) dende Buenos Aires, serviu como miolo dunha investigación feita ao fio da interacción entre os diferentes proxectos políticos e culturais que lle deron forma, á altura dos anos cincuenta, ao galeguismo transatlántico de posguerra. Intercambiando na miña explicación a orde das palabras convocadas ao título deste texto, a belixerancia remite aquí á actitude coa que os intelectuais que dinamizaron a revista dirixida por Seoane –a xente de *Galicia Emigrante*, como lles chamarei durante o artigo– responderon ao que eles interpretaron como unha situación de bloqueo por parte dos dous grupos que se repartían a lexitimidade do galeguismo histórico, como eran o Consello de Galiza, en Buenos Aires, e o Partido Galeguista / Galaxia, en Galiza. Tal e como explicarei na primeira parte do artigo, a terceira vía dun galeguismo republicano de esquerdas, idealizada por exiliados como Seoane, Antonio Baltar ou Lorenzo Varela, ficará marxinada durante un período de desencontros que se intensifica coas discrepancias sobre a organización do Primeiro Congreso da Emigración Galega, realizado en Buenos Aires, en xullo de 1956.

Retomando a primeira parte do binomio co que arranca o título do artigo, a apelación a esa categoría poliédrica e esvaradía que é a modernidade pódese ler, polo menos, en dous sentidos, sempre en relación á miña interpretación da resposta que a xente de *Galicia Emigrante* deu ao que eles percibiron como a súa propia exclusión do funcionamento do galeguismo transatlántico. Tomo aquí prestada a formulación que fixera Raymond Williams do “modernism” como a ferramenta utilizada para o estudo dun “cultural movement and moment” –que nos estudos en lingua inglesa adoita abranguer dende as últimas décadas do século XIX ata mediados do século XX– definido por dous elementos como son o estrañamento dos seus protagonistas ao respecto do seu momento histórico e a condición urbana do movemento (2007: 32). Se ben é clara a percepción de alteridade dos intelectuais de *Galicia Emigrante* fronte ao momento histórico marcado para eles pola aceptación do franquismo nas institucións internacionais, a apelación á modernidade para a conceptualización do fenómeno cultural estudado neste artigo refírese, máis ben, á pegada da cultura de masas na resposta que o grupo deu ao desencontro coa intelectualidade afincada na Galiza peninsular. Así, propoño pensar o proxecto da xente de *Galicia Emigrante* como resultado dun cambio de ruta a raíz do cal converteron no destinatario primeiro da súa acción cultural ao amplo público que ofrecía a colectividade galega en Buenos Aires. Un proxecto no que recolleron o legado humanista das Misións Pedagóxicas e, ademais, valéronse das ferramentas da cultura de masas que estaban dispoñíbeis nunha grande urbe como Buenos Aires. Unha delas foi o folletín literario da revista, onde escritores como Eduardo Blanco-Amor, Xosé Núñez Búa, Ramón de Valenzuela, Xosé Neira Vilas ou Antonio Baltar ensaiaron diferentes formas de literatura popular.

Desembocamos aquí noutra das palabras que usei para pensar a produción cultural estudada neste texto, o folletín literario, que remite a unha serie de cambios nas prácticas lectoras relacionados cuns procesos de expansión do público lector e que, en grande parte dos países occidentais industrializados, veu da man de procesos entrelazados de alfabetización e crecemento da industria editorial. Fuxindo daquela da explicación do folletín coma unha sorte de xénero, coa súa análise dominada frecuentemente pola referencia á cuestión da serialidade, propoño pensalo coma un espazo

de loita pola imposición de fórmulas literarias. Nesta liña ofrece valiosas pistas Beatriz Sarlo, ao analizar o rol dos folletíns no campo literario arxentino da segunda metade do século dezanove. Sarlo considera os folletíns literarios como un espazo privilexiado para as negociacións de “los llamados géneros menores y la literatura de elite”, caracterizados nesa segunda metade do século dezanove arxentino por unha inestabilidade debida a “razones internas a la literatura y también por motivos institucionales y de público”, de forma que “las jerarquías varían, a veces de manera ciertamente espectacular como cuando escritores cultivados toman los géneros menores como material de la literatura alta” (Sarlo 1991: 29). De maneira semellante, a diversa literatura publicada no folletín literario de *Galicia Emigrante* xoga un papel relevante na xeración das tensións constitutivas dun campo cultural que os intelectuais que promoven a revista pretenden artellar. A esa conversa concorreron as escritoras e os escritores de *Galicia Emigrante*, tal e como amosarei na parte final do artigo, con cadanseu estilo e cadansúa comprensión dos propósitos da escrita propia.

Ao recorrer á revista como ferramenta clave para a configuración dun grupo, entronco cunha liña de traballos que inflúen na miña investigación, como son os estudos de Ann Ardis (2008, 2015), Peter Brooker e Andrew Thacker (2013), Eric Bulson (2016), Faye Hammill e Mark Hussey (2016), ou Eric White (2013), nos que prestan atención á maneira en que a cultura impresa –e, de xeito particular, as revistas modernas– definiron conversas que convocaban a interlocutores afincados a ambos lados do Atlántico. Deste xeito, eses anacos de papel impreso eran o espazo de conversacións que reflectían diálogos xurdidos da xeografía particular da cultura moderna, ao tempo que apelaban a significacións propias da xeografía física dende a que escribían, falaban e pintaban

estes intelectuais. Estas investigacións comparten un certo cambio de paradigma na aproximación ás revistas, que deixan de ser pensadas como o continente de materiais interesantes, e pasan a ser estudadas como o material primario de investigacións por facer. Este é tamén o marco no que me achego eu a *Galicia Emigrante*, un exemplo senlleiro, na historia cultural galega, desa cultura impresa que permitiu, nun tempo cheo de desprazamentos, coexistencias no papel que non se correspondían coa separación temporal ou xeográfica dos seus autores. Procuo –e propoño–, daquela, un tipo de achegamento que reflexione sobre texto, imaxes ou deseño como un todo que debe ser pensado en conxunto.

1. A terceira vía que non foi, no galeguismo transatlántico dos anos cincuenta

Para analizar o proxecto que ocupa este artigo é preciso comezar por situalo nas coordenadas do seu momento histórico: a segunda metade dos anos cincuenta, cando o grupo de intelectuais que dinamizaron, xunto a Luís Seoane, a revista *Galicia Emigrante* (1954-1959, 37 números) experimentaron unha situación que eles consideraron como un bloqueo na súa posibilidade de reengancharse a unha historia de Galiza da que foran desaloxados polo franquismo. Máis alá da mitificación do desacordo entre os intelectuais de Galaxia e o galeguismo porteño continuador da lexitimidade institucional que fora impulsada por Castelao –emblematicado na recreación que, anos despois, fixeron os mozos convidados, en 1957, a unha reunión infrutuosa entre a xente de Galaxia e un representante do Consello de Galiza²–, a segunda metade dos anos cincuenta é tamén o momento do fracaso dunha terceira vía entre estes dous grupos. Así, a correspondencia de Luís Seoane con Francisco Fernández del Riego amosa como van callando, dende comezos da década, diferenzas de ideoloxía política e estratexia

¹ Os representantes das mocidades galeguistas artelladas á volta de Galaxia nesa reunión, Xosé Manuel Beiras e Xosé Luís Franco Grande, recordarían décadas despois este desencontro dende pareceres diverxentes. Mentres que Beiras recrea aquel episodio a través dunha mistura de recoñecemento do seu entusiasmo polo proxecto dos intelectuais de Galaxia e incomprensión do rexeitamento que estes fixeron das propostas chegadas de Buenos Aires (Fernán Vello e Pillado 1989: 38-39), Franco Grande defende con entusiasmo o bloqueo que o grupo afincado en Galiza realizou dos interlocutores transatlánticos. Trátase dunha actitude que el atribúe a Ramón Piñeiro e pola que Franco Grande se amosa anos despois agradecido, chegando a afirmar que “Piñeiro, pois, mantívonos tamén estreitamente vencellados con aquel mundo da emigración, que eu, ó menos, vía cun escepticismo total, no que nunca crín e do que sempre pensei que era un mundo a extinguir. E do que nada se podía agardar” (1985: 166). Esta pasaxe manterase intacta –máis alá de cambios mínimos relacionados coa evolución da normativización do galego escrito– na reedición que o propio Franco Grande fai das súas memorias, case dúas décadas máis tarde (2004: 189).

cultural entre a xente de *Galicia Emigrante* e os seus compañeiros no galeguismo de preguerra que, do outro lado do Atlántico, canalizaban a súa intervención na sociedade galega a través da editorial Galaxia³. Nesa correspondencia, Seoane quéixase do rexeitamento do que foi obxecto a proposta dun galeguismo republicano de esquerdas coa que eles pretendían facer unha cuña na relación entre os dous grupos que durante a década anterior mantiveran vivo o galeguismo: Consello de Galiza, en Buenos Aires, e Partido Galeguista / Galaxia, en Galiza.

A percepción de rexeitamento da xente de *Galicia Emigrante* semella ben fundamentada, a xulgar pola maneira en que ambos grupos se manifestan a propósito desa terceira vía en dous textos que dan resposta á situación xerada cando a xente de *Galicia Emigrante* decidiu, en xuño de 1956, crear a Asociación Gallega de Escritores, Universitarios y Artistas (AGUEA) para dar resposta a unha marxinação exemplificada, ao seu ver, polo rol cativo que estaban a recibir na preparación do Primeiro Congreso da Emigración Galega, que o Consello de Galiza organizou en Buenos Aires, en xullo de 1956, aproveitando a efeméride dos cen anos do Banquete de Conxo⁴. O “Informe do galeguismo do interior”, enviado dende Galiza e datado en maio de 1957, con motivo da visita a Galiza do presidente da AGUEA, Antonio Baltar, defende que

Con visión política oportunista, os comunistas percibiron craramente iste estado de cousas. Aproveitaron o descontento producido polo modo ia oportunidade en que tivo lugar o Congreso da Emigración Galega e crearon un instrumento de acción destinado a servir de base pra desmontar o tinglado galeguista galaico-arxentino. Ise instrumento de acción, de aparencia inofensiva (no que os comunistas son mestres experimentados), chámase AGUEA⁵.

A posición manifestada na “Resposta ao Informe Confidencial de Maio de 1957”, chegada

dende Buenos Aires, e datada en xuño de 1958, desmárcase do recurso sistemático á enfermidade mental como explicación da ideoloxía política da AGUEA que estaba no “Informe do galeguismo do interior”, e recoñécelle á AGUEA o valor do seu traballo a prol da galeguización da colectividade asentada na capital arxentina: “Non coincidimos plenamente na apreciación que facedes de ‘Aguea’. Aínda que nasceu contra nós especificamente, non adoutamos fronte a ela unha posición sistemáticamente negativa, xa que, aínda que sexa por razóns de ‘viceversa’, fai laboura de galeguidade”. É precisamente esa “laboura de galeguidade” a que explica as colaboracións puntuais entre o Consello da Galiza e AGUEA, tal e como se afirma no texto, ao relatar que “algúns de nós mandamos as clases de Idioma, Galego, Historia, Literatura e Xeografía, fillos, familiares e amigos novos, pagándolles a matrícula, pra que as clases resulten concurridas. E seguiremolo facendo no orde en que eles traballen a prol da cultura galega”.

No entanto, no que refire á posibilidade de compartir proxecto político, tamén o núcleo do Consello de Galiza enfatiza o seu rexeitamento dos intelectuais da AGUEA, afirmando que “eles pra política non sirven” e definíndoos como “‘intelectuales puros’, de eses que alguén chamou ‘cretinos útiles’ que fan feira en ‘los abajo firmados’”. De feito, en resposta ás críticas recibidas dende Galaxia en relación á organización do Congreso da Emigración, os nacionalistas porteños gabábanse de que “coñecemos as súas mañas e os temos frenado na coeividade”, situando esta loita pola hexemonía do galeguismo porteño como razón para a forma elixida na organización do congreso de 1956, ao afirmar que “precisamente a forma ea (sic) oportunidade da convocatoria do Congreso da Emigración, que nos sinalades como erróneas, débéronse a eso. A impedir, como o impedimos, que o Congreso orgaizado por nós e pagado por nós, se trocase nun mitin

³ As referencias á correspondencia de Seoane están tomadas, sempre que non se indique o contrario, do fondo dixitalizado nun esforzo conxunto pola Fundación Luís Seoane e o Consello da Cultura Galega (http://consellodacultura.gal/fondos_documentais/epistolarios/epistolario.php?epistolario=1651) [consulta: 22/06/2019].

⁴ Segundo Alberto Vilanova, a AGUEA foi creada o 22 de xuño de 1956 en Buenos Aires, tan só semanas antes da celebración do Congreso da Emigración (1966: 1404). O propio Vilanova, colaborador habitual de *Galicia Emigrante*, figura na nómina de participantes da AGUEA ofrecida por Ricardo Palmás: “Antonio Baltar, Luís Seoane, Eduardo Blanco-Amor, Rafael Dieste, Emilio Pita, Laxeiro, Ramón de Valenzuela, Xosé Núñez Búa, Alberto Vilanova, Isaac Díaz Pardo” (1995: 109-10). A correspondencia intercambiada por Seoane e del Riego entre maio e outubro de 1956 ofrece valiosas pistas sobre a organización do congreso e a insatisfacción da xente de *Galicia Emigrante* ante o rol reservado para eles.

⁵ O documento está accesible nos arquivos da Fundación Penzol, baixo a referencia FR-CA-068/002/040.

comunista, con ‘guerrilleiros’ e todo”. Unha estratexia que, considera o Consello de Galiza, resultou exitosa: “por esa ‘forma e oportunidade’, o Congreso resultou a máis importante manifestación popular de galeguismo e republicanismo feita en todo o mundo, despois da guerra civil, aituando éles-, os comunistas e os de Aguea-, como simpres comparsas”⁶.

Se a retórica anticomunista dos dous informes evocou ecos das conversas propias da Guerra Fría nas lectoras e os lectores que se achegaran ás liñas anteriores pensando os problemas que aquí presenteí ao fio do seu momento histórico, non irían as sospeitas desencamiñadas de todo, e a historia dos desencontros entre a xente de *Galicia Emigrante* e a de Galaxia debe ser pensada, tamén, ao fio dese período clave na historia recente de occidente. Se na primavera de 1949 Seoane acode a París, na súa primeira viaxe a Europa tras máis dunha década de exilio, como representante da Sociedad Argentina de Artistas Plásticos no Segundo Congreso de Partidarios da Paz⁷, celebrado baixo o patrocinio da burocracia cultural soviética; xa en 1954 o proxecto cultural de Galaxia chegará ás páxinas do gran órgano da liberalidade anticomunista patrocinada pola CIA estadounidense, os *Cuadernos del Congreso por la Libertad de la Cultura*, dirixidos dende París polo antigo militante poumista Julián Gorkín (Glondys 2012: 79). Nas páxinas

dos *Cuadernos* será o coruñés César Alvajar –habitual colaborador desta revista e futuro representante do Consello de Galiza en Europa (Villares 2017: 49)– quen realice unha laudatoria reseña do libro de Ramón Piñeiro *Pra unha filosofía da saudade* (Vigo: Galaxia, 1953) e do proxecto de Galaxia (Alvajar 1954).

Máis alá do progresivo achegamento de intelectuais de Galaxia a este movemento que sería nas décadas seguintes un espazo central para o artellamento da disidencia non comunista (tamén anticomunista) ao franquismo⁸, o que resulta máis interesante para a historia que conto neste artigo é a coincidencia entre a aposta pola alta cultura que está na base do proxecto orixinal do Congress for Cultural Freedom estadounidense (Glondys 2012: 55-69) e o esforzo de Galaxia por homologar a lingua e a cultura galegas coas grandes culturas europeas. Nestas coordenadas debe pensarse o seu esforzo pola elaboración dunha linguaxe poética e filosófica propia e, ao mesmo tempo, homologable ao que eles consideraban as correntes principais do pensamento europeo. Esfuerzo emblemático quizais na tradución ao galego, xa en 1956, da conferencia “Vom Wesen der Wahrheit” de Martín Heidegger, coa que, segundo recordará Ramón Piñeiro décadas despois, procuraran demostrar que “se Heidegger se pode expresar en galego, as reservas acomplexadas ás posibilidades culturais da nosa lingua son subxectivas”

⁶ O documento está accesible nos arquivos da Fundación Penzol, baixo a referencia FR-CA-068/002/041.

⁷ Pola correspondencia de Seoane podemos saber que a súa elección como representante da asociación responde a unha xestión realizada polo avogado –e vello amigo de Seoane– Norberto Frontini, e defendida fronte á institución artística polo escultor Luis Falcini, director nese momento da galería da Sociedad Hebrea Argentina e figura de grande importancia no “Movimiento por la paz” arxentino. É ilustrativa a este respecto a carta de 21 de maio de 1949 que Frontini lle envía a Seoane, e na que lle explica as súas xestións, confirmadas por Falcini en carta a Seoane do 26 do mesmo mes. Polo xeral, Seoane manifesta nesta correspondencia a incerteza que lle produce o estar á altura de tal designación, mentres que os seus interlocutores defenden a valía do arxentino-galego como representante dos artistas arxentinos. Nesa mesma liña maniféstase o coleccionista Simón Scheimberg, en carta a Seoane do 18 de xuño do mesmo ano.

⁸ Na súa moi documentada historia intelectual dos *Cuadernos del Congreso por la Libertad de la Cultura*, Olga Glondys usa un informe de 1974 para referirse a un grupo dos “miembros más activos” do comité español do Congreso por la Libertad de la Cultura e sitúa neste grupo a Domingo García-Sabell, ao carón de Carlos María Bru, Pedro Laín Entralgo, Marià Manent, Raúl Morodo e Dionisio Ridruejo (2012: 210), dentro dunha nómina ampla deste organismo onde, segundo Glondys, Ramón Piñeiro figura, ao carón de Antonio Buero Vallejo ou Miguel Delibes, en tanto membros desta organización, se ben “durante menos tiempo y con menor intensidad” (*Ibid.*: 210-211). Mentres que Jordi Amat sitúa a Piñeiro e García-Sabell entre os asistentes á reunión clandestina da Comisión española del Congreso por la Libertad de la Cultura celebrada en outono de 1965, en Toledo (2016: 376), localiza a entrada de García-Sabell neste órgano no comezo do ano seguinte (*Ibid.*: 380). Por Glondys sabemos que García-Sabell foi tamén un dos asinantes da carta do verán de 1967 coa que a división española do Congreso manifestaba o seu estupor fronte ao descubrimento da fonte de financiación deste organismo (2012: 266). Estas referencias documentan, dende investigacións realizadas a través dunha perspectiva estatal, unha parte importante da estratexia política de figuras clave do proxecto que está aínda pendente dun estudo monográfico no que se conciba a súa participación dende a perspectiva dos roles que eles mesmos xogaron nesa fase da historia galega.

(1989: 387). De entre as varias liñas que se mesturaron na acción de Galaxia, este esforzo pola sofisticación conceptual e lingüística levado ao seu cumio na filosofía da saudade —á volta da cal Seoane xa manifestara as súas reservas en 1953⁹— fará que vaia cristalizando na xente de *Galicia Emigrante* a percepción dunha desconexión entre Galaxia e un público lector non iniciado. Os escritores porteños explicarán o seu proxecto a contraño desta percepción, tal e como se amosa nas páxinas seguintes.

2. Educación popular e cultura de masas

Neste contexto de crecente diverxencia —culminada no bloqueo momentáneo das relacións transatlánticas entre intelectuais galeguistas¹⁰—, o grupo porteño intensificará o seu interese na colectividade de emigrantes asentados en Arxentina, destinatarios da acción pedagóxica que xorde á volta da revista *Galicia Emigrante*, tal e como xa lle deixara claro Seoane a Fernández del Riego, en carta do 11 de maio de 1954, cando lle presentaba esta publicación afirmando que “Va a ser una revista corriente pero que tienda a galleguizar a los hijos de gallegos e incrustarse en la vida de este país”. Así, *Galicia Emigrante* e a AGUEA foron dúas expresións simultáneas do mesmo esforzo, orientado a artellar espazos dedicados a educar no coñecemento de Galiza a esas clases populares que compuña a colectividade

galega en Buenos Aires. Este proxecto atopou inspiración nas iniciativas implementadas durante a Segunda República, comezando coas Misións Pedagóxicas, un proxecto co que os intelectuais do grupo estaban familiarizados. Así, nun relatorio redactado por Luís Seoane e presentado pola AGUEA ao Congreso da Emigración, propónse a creación dun museo circulante que percorrera os locais da colectividade galega emigrada a América, a imitación da Barraca Resol na que Seoane e outros intelectuais orgánicos ao nacionalismo galego participaron nos anos trinta¹¹. A iniciativa do museo circulante nunca se levaría a cabo, mais si que o faría outra, inspirada igualmente polas Misións Pedagóxicas, como foron as clases de historia, lingua, literatura e xeografía galegas que a AGUEA organizou entre os anos 1956 e 1957, impartidas por Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste ou Alberto Vilanova. Na presentación en sociedade dos seus cursos, a AGUEA vencéllaos coa concepción das Misións Pedagóxicas en tanto que aquel proxecto pensaba o coñecemento que os estudantes universitarios ían adquirindo como unha ferramenta fundamental para evidenciar en sectores máis amplos da poboación as contradicións no sistema establecido ata entón, e que eles arelaban mudar:

Por las calles de Compostela en 1929 o en 1930, como debió haber ocurrido en alguna ciudad de

⁹ Nunha carta de 17 de febreiro de 1953 ao pintor Carlos Maside, a propósito da circulación en Galiza do seu poemario *Fardel de eisilado* (Buenos Aires: Ánxel Casal, 1952), Seoane manifesta a súa constancia de que o poemario xa pasara polas mans de varios lectores, entre os que inclúe a Benito Varela Jácome ou Manuel María. Nun momento da carta, Seoane amosa a súa confianza en que estes lectores “coincidirán conmigo en concederle la valiosa significación que tiene en el panorama intelectual presente de lo gallego, si la niebla de ese saudosismo (¿neosaudosismo?) que se me ocurre empiezan a acariciar, no les nubla la vista” (Maside 2015: 258). Se ben Seoane non debía ter lido aínda *Pra unha filosofía da saudade* (Vigo: Galaxia, 1953), si que accedera xa ao texto que Piñeiro lle adicara ao desenvolvemento desta liña de pensamento e no que anticipaba moitas das ideas que reaparecerían no libro de 1953— incluído no volume colectivo *Presencia de Galicia* (Vigo: Galaxia, 1951). Seoane acusa recibo do volume, enviado por Francisco Fernández del Riego, en carta a este datada en 13 de xuño de 1951.

¹⁰ De acordo cos rexistros do arquivo da Fundación Luís Seoane dixitalizado polo Consello da Cultura Galega, despois do regreso de Antonio Baltar a Buenos Aires a mediados de 1957, tras unha visita a Galiza chea de desencontros co grupo Galaxia, Seoane só manterá a correspondencia co seu antigo compañeiro nas páxinas do compostelán *Ser. Semanario Gallego de izquierdas* (1935-1936), Francisco Fernández del Riego. A sostida correspondencia que mantiña con Domingo García-Sabell interromperase por máis dun ano, entre novembro de 1957 e marzo de 1959, mentres que a correspondencia con Ramón Piñeiro quedará suspendida, despois dun violento intercambio a comezos de 1958, durante máis de dez meses.

¹¹ En carta de 7 de setembro de 1956, Seoane faille saber a del Riego que el é o autor do relatorio da AGUEA sobre este tema. O relatorio rematará titulándose “Encol dun Museo circulante de fotografías de obras de arte, dibuxos e grabados” (Consello da Cultura Galega 2006: 182-183). Sobre a participación de Seoane na Barraca de Resol, no verán de 1933, ver Antón Capelán (2010: 190-191). O episodio tamén é eloxiado nun dos textos sobre a AGUEA publicado por *Galicia Emigrante*, no que se conecta a tarefa da recentemente creada asociación coa actividade dos estudantes republicanos e de esquerdas durante a II República. Entre as varias actividades que se mencionan, aparece unha alusión velada á Barraca Resol: “Era por los mismos años en que esos mismos estudiantes plantaban su barraca de arte en la feria de ganado y de productos de la tierra con obras de los más jóvenes artistas gallegos” (*Galicia Emigrante* 1956b: 1).

la antigua Grecia, entre huelgas y motines, discurrían entre grupos de obreros estudiantes que les abrían a ellos las puertas del conocimiento en cualquier disciplina académica. Y en las aldeas, en las vacaciones de invierno, alrededor del fuego en un lar campesino, o en el comedor alumbrado por luz de carburo en algún mesón aldeano, algún estudiante de derecho, de medicina, de ciencias o de cualquier otra Facultad o centro académico, transmitía a jóvenes campesinos lo que él mismo aprendiera en largas horas de lectura o en la cátedra (Galicia Emigrante 1956b: 1).

A presenza da lectura a carón da luz, é dicir, o recurso á iluminación como metáfora da aprendizaxe, é un elemento que entronca co ideal ilustrado do que, á súa maneira, bebían as Misións Pedagóxicas e do que, tamén á súa maneira, seguira bebendo o antifascismo exiliado da Guerra Civil, tal e como se pode apreciar no artellamento da dicotomía cultura-barbarie na revista *De Mar a Mar* (1942-1943, 7 números), outro nó fundamental para unha xenealoxía da rede de intelectuais que aquí estou a estudar centrándome nun momento posterior da súa traxectoria. Nos seus traballos sobre a lectura comunitaria nas noites campesinas da época da revolución ilustrada, Roger Chartier defende que aquilo que el denomina exercicio comunitario de “escoita da palabra lectora” (1994: 191), di máis do letrado que evoca esa lectura que dunha realidade na práctica lectora. O mesmo podería dicirse do texto arriba citado, para pensar que, máis que o resultado dun estudo etnográfico á volta da transmisión do coñecemento na Galiza rural de preguerra, a fonte que o informa é a mitificación dunha práctica posible. Real, quizais; mais dende logo

idealizada como real no pasado e como posible no presente. Emporiso, a mediados dos anos cincuenta, mudara a estampa da queda xuntanza nocturna de campesiños reunidos á volta da luz do candil, e emerxera unha nova socioloxía que tiña como lugar da iluminación o tráfico dos locais que compoñían o mapa urbano da colectividade galega en Buenos Aires¹². Na reconfiguración da folla de ruta mediante a que a xente de *Galicia Emigrante* buscou influir no devir de Galiza durante a década dos anos cincuenta, o establecemento da diáspora galega en América Latina como marco da súa acción fixo emerxer un novo público que lles permitiu retomar aquel soño dunha educación popular bosquexada décadas atrás, na Galiza da Segunda República. Un soño que tiña agora por protagonistas aos “estudiantes o empleados gallegos o hijos de gallegos, que quieren conocer el secreto de Galicia y de sí mismos” (Galicia Emigrante 1956b: 2). Fronte á percepción dunha evacuación da historia contemporánea que ficará emblematizada na célebre editorial que Seoane escribiu para o número 28 de *Galicia Emigrante*¹³, a colectividade galega afincada en Buenos Aires ofrécelle aos exiliados da AGUEA un argumento para seguir crendo no futuro:

Nosotros vemos en esa estudianta, a la que el cabello le cubre el rostro al inclinarse sobre su libreta de apuntes, o en el gesto reflexivo del joven empleado que se sujeta tenazmente el mentón, el porvenir de nuestro país, como se veía en la tierra lejana hace veinticinco años, en parecidos rostros alumbrados por la luz del carburo, haciéndonos pensar que Galicia renace en hombres nuevos luego de cada martirio (*Ibid.*: 2).

¹² “Los profesores no son ya aquellos jóvenes estudiantes; son hombres maduros, encanecidos prematuramente por largas preocupaciones del exilio y desengaños de toda índole, más su esperanza y su amor son los mismos. Los alumnos tampoco son aquellos, sino jóvenes estudiantes gallegos o de origen gallego y emigrantes maduros a quienes el destino no les dió oportunidad de conocer su propio país (...) En una pequeña oficina cualquiera, escuchándose a discreta distancia el ensayo de un coro o el ruido conjunto y alegre de las cucharillas, las tazas y las conversaciones del bar de la asociación, debajo de los retratos de presidentes meritorios que lucharon denodadamente por la causa de su país lejano y de la solidaridad entre los emigrados, acodados en mesas, con ceniceros hechos de tronco y luego barnizados, esos profesores libres tratan de transmitir a otros hombres sus conocimientos” (Galicia Emigrante 1956b: 1-2).

¹³ “Hace veinte años salimos de Galicia, transcurrieron más de 7.000 días y de 7.000 noches en el exilio. 240 meses, 260 lunas, aproximadamente, contaría un campesino. Con muchos días y muchas noches sumidos en el llanto y en la desesperación, encarcelados en la nostalgia, alentando cada día nuestra fe, haciéndonos duros y fuertes cuando alguno de los nuestros caía, aquí o allá, consumido por la edad o por la enfermedad, en la persecución, o quebrada su vida violentamente, también en la persecución. ¿Saben los más jóvenes de Galicia y de esos otros países de la península, los que no sufrieron la guerra, lo que esto significa? ¿Lo saben los estudiantes? ¿Se lo dicen acaso aquellos que son nuestros hermanos, que viven allá y que nos conocen? Nuestra historia puede ser una historia para ser contada, de fantasmas o de desaparecidos” (Seoane 1957: 0). Seguindo a Xesús Alonso Montero, ten sentido pensar que esta editorial –publicada en maio de 1957, coincidindo a datación coa do primeiro dos informes clandestinos referidos máis arriba– xogará un papel destacado na polémica que Seoane manterá con Ramón Piñeiro a comezos do ano 1958 (1994: 115-116).

Mais a conversa maxistral non foi a única vía para a acción pedagóxica deste grupo, pois exploraron tamén as posibilidades que a comunicación de masas lles ofrecía na Buenos Aires que saía do primeiro peronismo. Para mellor calibrar os destinatarios da proposta de *Galicia Emigrante*, é de utilidade a variada publicidade de moderno deseño que enche as páxinas centrais da revista, e inclúe empresas cafeteiras, servizos fúnebres, moblerías, axencias de viaxes con conexión a Galiza e Portugal, bazares, talleres de reparación de automóbeis, ortopedias, xastrerías, florerías, compañías de seguros, ópticas ou zapatarías, entre outros anunciantes. Esta publicidade –moi outra, por exemplo, da cidade letrada que mapeaba cos seus anuncios a mencionada *De Mar a Mar*– pode pensarse como unha ponte coa sociedade de mercado urbana á que *Galicia Emigrante* dirixiu unha proposta cultural para a cal tamén fixo uso da radio, o grande medio de comunicación masiva do momento. Dende o mesmo 1954, Seoane dirixirá nos mediodías do domingo unha audición radial emitida por Radio Libertad, coa que se incorpora ao poboado mapa da radio na colectividade galega no Río de la Plata, ao que lle foran dando forma as emisións *La hora gallega* (1933-1935), *Galicia, Arte y Cultura para la colectividad gallega* (1939-1945), *Recordando a Galicia* (1945-1984), ou a veciña *Sempre en Galiza* (1950-actualidade), emitida dende Montevideo (Piñeiro Otero e García Cofrades 2016: 547-549).

Á hora de presentar a audición radial, Seoane destaca a posibilidade da experiencia cultural comunitaria ofrecida por este medio que, defende, pode conectar a “un grupo familiar [o] a los varios vecinos de una misma casa”. Pero, ademais, chama a atención sobre outro elemento co que marca unha distancia entre o proxecto de *Galicia Emigrante* e proxectos de alta cultura, pois destaca que a radio apela tamén a un público que carece da capacidade de concentración necesaria para a lectura, xa que “cuando preocupaciones de orden distinto, o el cansancio, nos impide concentrarnos en la lectura, penetra por nuestro oído la voz radial, que tenemos que escuchar a veces aún sin querer” (Seoane 1954: 0).

A fluída comunicación entre os dous soportes xunguidos polo seu común nome queda emblematicada nos textos das “radioescenifi-

caciones” escritos por Eduardo Blanco-Amor e publicados na revista, no que suxiro considerar unha marca de época debedora do estado dunha cultura de masas porteña na que, segundo Eduardo Romano, o teatro radiofónico estaba a vivir, dende 1930, un período de apoxeo que chegaría ata mediada esa década dos 50 (1985: 53). A contribución destas radioescenificacións ao folletín literario de *Galicia Emigrante* permíteme desembocar na última parte deste artigo, onde darei conta da maneira en que este espazo artellou un tipo de literatura popular que se converteu en ferramenta fundamental para a acción pedagóxica do grupo. Mais, que entendían por literatura popular os escritores de *Galicia Emigrante*? Tal e como amosarei nas páxinas seguintes, a resposta a esta pregunta deu en diferentes maneiras de concibir e executar a escrita narrativa no folletín literario da revista.

3. As literaturas populares do folletín de *Galicia Emigrante*

Unha pista importante aparece no número 3, onde Xosé Núñez Búa (1903-1981), colaborador habitual de *Galicia Emigrante* e membro da AGUEA, analiza o libro *Andrómenas*, de Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben Cho Shey), editado en 1953 pola viguesa Monterrey. Núñez Búa louva alí a maneira en que o autor é capaz de artellar un texto de calidade literaria tomando como materia prima a linguaxe popular, ao tempo que destaca a capacidade dos relatos de Fernández Oxea para conectar cos intereses dun lector non erudito (Núñez Búa 1954). Tamén Eduardo Blanco-Amor apelará a esta última característica de *Andrómenas*, na gabanza que fai do libro no prólogo do mesmo. A defensa que fai Blanco-Amor do que el chama “modo menor” de literatura (1954: 12) comparte moitas das ideas coas que Antonio Gramsci atacaba a certos sectores da intelectualidade italiana do seu tempo. Así, na súa louvanza a un libro escrito no que el chama linguaxe do pobo, Blanco-Amor destaca que o autor fuxira de “retorcimentos culteranos”, un termo que evoca, na miña lectura, a crítica que Antonio Gramsci fixera da intelectualidade italiana que pretendía actualizar a literatura popular dende unha tradición libresca, e non dende a interacción cos intereses dese pobo para o que escribían¹⁴. Máis adiante, Blanco-Amor reflexiona

¹⁴ “En Italia los intelectuales están alejados del pueblo, es decir, de la ‘nación’ y están vinculados, en cambio, a una tradición de casta que nunca ha sido rota por un fuerte movimiento político popular o nacional, surgido desde

sobre a desexable existencia duns “antecedentes intelectuales” (*Ibid.*: 13), necesarios para poder levar a cabo o proceso de educación a través dunha produción cultural densa ideoloxicamente. Ao considerar que o público da súa acción carecía de tales antecedentes, Blanco-Amor defende que a función inmediata da literatura popular que eles debían escribir era a de dotar ao lector con material literario axeitado para unha evasión que poderíamos definir, recorrendo á maneira en que Gramsci pensou o efecto da literatura de folletín, como un “soñar cos ollos abertos”¹⁵.

O propio Blanco-Amor terá un papel senlleiro na posta en circulación, a través de *Galicia Emigrante*, desta literatura de entretemento. A súa achega consistirá en tres radioescenificacións publicadas na revista durante o ano 1955, nas que conta episodios construídos á volta de personaxes e tramas de fácil identificación para calquera persoa familiarizada coa vida no rural galego. A serie de textos de *Galicia Emigrante* ten especial interese dende o punto de vista da historia literaria galega por ser en certa medida antecedente dese esforzo por artellar un estilo narrativo permeable ás formas do galego falado que desembocaría n’*A Esmorga*, e que o propio autor definiría, anos despois, como o proceso de “crear a miña propia lingua literaria recollendo eiqüí e alá a fala de todos, os dialectos de cada un”¹⁶ (Ruiz de Ojeda 1994: 111). Nas radioescenificacións de *Galicia Emigrante*, pola súa parte, ofrece unha serie de tramas áxiles que arrancan coa titulada “A medrosa Blandina”, onde conta unha historia sobre a timidez, o pudor e o honor, na que unha moza e un mozo atravesan corredoiras e montes para volver ás súas casas despois dunha

romaría nunha parroquia próxima (1955a). “A tía lambida” será o título do segundo dos textos, onde retrata a unha anciá podente á que, pola súa condición social, os veciños recorren sistematicamente á procura de axuda material, sen que o amparo ofrecido por ela sexa considerado nunca suficiente (1955b). A serie rematará co texto “A lebre das ánimas”, o retrato onde son quizais máis esaxerados os trazos pintorescos cos que Blanco-Amor axuda á colectividade emigrada de Buenos Aires a evocar a socioloxía do rural galego. Esta peza presenta unha sátira do sentido do honor, localizada nunha festa parroquial –evento fundamental para a salvagarda dese honor–, onde un home obstinado con ter o mellor menú da parroquia sae desesperado a cazar unha lebre despois de saber que o veciño ía servir unha aos seus comensais (1955c).

Outro dinamizador desta fórmula literaria menos ambiciosa en canto á educación política das lectoras e os lectores, na que se ofrece un catálogo de tipos cos que o público poida identificarse, será o mencionado Núñez Búa, quen dará cabida nas súas narracións a problemas propios da emigración. No conto “O abade Don Uxío” retrata a un abade retornado da emigración cubana, quen mantén vivo o folclore que aprendera na illa caribeña, sen por iso deixar de ter unha integración total coa terra á que volve, unha adaptación emblemática na súa condición de estrela das partidas que se xogan na taberna (1955). No conto “O asobio de melro” Núñez Búa retrata a outra parte da experiencia migratoria, a ida, presentando a un emigrante alienado que levaba décadas traballando sen descanso na Arxentina, sen ter tempo sequera para recordar a Galiza. Trátase dunha memoria

abajo: la tradición es ‘libresca’ y abstracta y el intelectual típico se siente más ligado a Annibal Caro o a Ippolito Pindemonte que a un campesino pullés o siciliano” (1977: 169). O propio Gramsci expresa con máis claridade, máis adiante no mesmo escrito, as súas ideas á volta da fonte que debe alimentar o texto literario: “el autor debe vivir en el mundo real, con todas sus exigencias contradictorias, y no expresar sentimientos absorbidos únicamente a través de los libros” (*Ibid.*: 177).

¹⁵ “La novela de folletín substituye (y favorece, al mismo tiempo) la fantasía del hombre del pueblo, es un soñar con los ojos abiertos (...) En *El Conde de Montecristo* existen todos los elementos para alimentar estas fantasías y, por consiguiente, para suministrar un narcótico que calme la sensación de dolor, etc.” (*Ibid.*: 173-174).

¹⁶ É interesante pensar, ao fío das conversas que propoño no presente artigo, na importancia que Blanco-Amor concede ao mapa da emigración galega en Buenos Aires como espazo da confección desa lingua literaria artificial que el debía crear ao enfrontarse por primeira vez á escrita narrativa en lingua galega: “En Buenos Aires vivían catrocentos mil galegos de todas partes de Galicia, cada quen ca súa fala, cas súas características dialectais lingüísticas e léxicas. Eu fixen de todo unha *koiné* xeral, dinlle un xeito literario, estético, sin que elo supoña un afastamento da lingua. Eu estaba ceibe no intres de escribir, podía escoller do que me iban ensinando os outros e vivía rodeado de cáseque meio millón de galegofalantes. Dáhí saíu a lingua de *A esmorga*” (Ruiz de Ojeda 1994: 111). Para unha historización do rol xogado pola novela no campo literario galego da época estudada no presente artigo, véxase Alonso Nogueira 2009.

que fora bloqueada para poder sobrevivir ao día a día, pero que irromperá de súpeto ao escoitar o asobío dun merlo (ou “melro”) que outro emigrante trouxera consigo no barco, co propósito de facer máis doada a súa propia adaptación á nova vida lonxe da casa (1957).

Precisamente o espazo ao que chega o emigrado será escenario para outros relatos onde se exploran fórmulas que alimentan esa fantasía do pobo que Gramsci vía favorecida pola literatura dos folletíns, como é o caso da literatura de misterio ou a literatura fantástica. O propio Núñez Búa achegárase á literatura de misterio no conto “Antón Ribeiro” (1958), mentres que os contos “O fantasma fuxido”, do tamén pintor Leopoldo Nóvoa (1919-2012) (Nóvoa 1954); e “Pepe de Bramil”, de Ramón de Valenzuela (1914-1980) (Valenzuela 1956b), levan ás páxinas da revista historias de pantasmas e encantamentos que amplían a gama de temáticas tratadas dentro do grupo de narracións que poderían contribuír a ese propósito reclamado por Blanco-Amor de ofrecerlle á colectividade emigrada galega materiais escritos na súa lingua e inspirados nas socioloxías e xeografías de seu, cos que poder entreterse, cando precisaran entreterse. Mais, retomando a anunciada condición poliédrica da literatura popular escrita en *Galicia Emigrante*, cómpre dicir que a fórmula teorizada e levada a cabo por Blanco-Amor non era a única versión de literatura popular aparecida no folletín literario da revista. Alí aparecería tamén un amplo grupo de narracións que avanza cara a unha tarefa pendente de educación política do lector a través da literatura, unha vía que estaba tamén insinuada nas reflexións de Núñez Búa sobre o libro de Fernández Oxea, ao referirse ao “anhelo magistral” das narracións de *Andrómenas* (Núñez Búa 1954: 25).

Unha elección habitual nestas narracións será o recurso a escenarios nos que predomina a interacción, como son tabernas, festas ou tarefas de traballo comunal. Trátase dun trazo que caracteriza a narración “Festa e transmutazón

nos Andes” publicada, baixo o pseudónimo Luís Estévez, polo presidente da AGUEA, Antonio Baltar¹⁷, quen sitúa nos Andes arxentinos –lugar de residencia seu– unha festa organizada polos traballadores dunha mina. A descrición dos trazos físicos dos mineiros contados por Baltar conforma unha sorte de personaxe colectivo do que só destaca o heroe da narración, un emigrante galego que, mediante a fusión da muñeira cos bailes locais, gaña todos os concursos de baile, simbolizando así esa cualidade por veces tan valorada entre a colectividade emigrada como era a capacidade de adaptación ao medio (1955a). A relación co mundo ao seu redor e, de xeito máis concreto, co mundo animal, servirá a diferentes escritores como ferramenta clave para presentar unha serie de hábitos que se amosan como propios dunha maneira de ser galega, conectando así con esa relación de respecto cara aos animais estendida entre moitas campesiñas e moitos campesiños do rural galego cara aos que foron –e seguen, en moita menor medida, sendo– os seus compañeiros nas tarefas cotiás do agro. Máis alá doutras narracións onde tamén aparece este tema¹⁸, a forma de convivencia entre animais e humanos serve como telón de fondo ao fermoso conto “O ciclón”, de Ramón de Valenzuela. Alí, a relación dunha familia co seu cabalo Ciclón sèrvelle ao autor para falar de como a dureza da guerra danou unha Galiza na que o home que vai para a cadea atopa á súa saída, anos despois, o vello cabalo demacrado, ao bordo da morte, mais orgulloso abondo para facer unha última viaxe de regreso á casa, indo a morrer ao lugar onde tomara forma a fermosa relación de respecto mutuo contada por Valenzuela (1956a)¹⁹.

Se pensamos os relatos en relación cunha acción pedagóxica que remitía ao universo dos posibles que o público da revista tiña diante de si, propoño considerar a chamada de atención sobre a inxustiza e a desigualdade social como un paraugas amplo baixo o que podemos agrupar a grande maioría dos relatos, comezando pola crítica á alienación que o sistema

¹⁷ A información sobre o pseudónimo de Baltar está en Consello da Cultura Galega 2001: 41.

¹⁸ Sen ser o tema central, a cuestión da relación entre ser humano e mundo animal aparece noutras narracións ás que me referirei máis adiante, como son o conto “Tolitates”, de Xosé Ruibal (1925-1999), onde o vello que vai tomando conciencia dunha situación de desigualdade confesa as súas preocupacións ás vacas que, silenciosas, pacen diante del; ou o relato “A volta” co que se presenta diante dos lectores da revista Xosé Neira Vilas (1928-2015), comezando por narrar unha época de plenitude dun matrimonio mozo que empeza sempre os seus días pasando polas cortes para saudar as vacas, compañeiras deles no traballo da terra.

¹⁹ Esta narración, ao igual que o resto das publicadas por Valenzuela en *Galicia Emigrante*, serán reeditadas anos despois dentro do conxunto máis amplo de textos que compoñen o seu libro *O Naranxo* (Madrid: Brais Pinto, 1974).

capitalista exerce sobre o suxeito que o sobrevive sen a protección dunha ideoloxía coa que procurarlle as fendas. Se ben este tema sobrevoa varias das narracións, constitúe a cerna do descarnado relato “A volta”, no que Xosé Neira Vilas (1928-2015) utiliza a Guerra Civil como telón de fondo sobre o que coloca a historia dun emigrante que sae cara a América, aínda durante a Segunda República, procurando unha mellor vida para a súa familia. Nun durísimo desenlace que evidencia a banalidade da promesa coa que o protagonista do relato abandonara á súa familia, animado pola ilusión de poder ofrecerlle ao seu regreso unha vida mellor, o emigrante retorna para descubrir que a guerra devastara todo o que el quería, pois o seu fillo morrera na guerra e a súa muller vírase forzada a vender todas as súas posesións e vivir á esmola, ata rematar morrendo de frío nunha dura noite de inverno (1957).

Unha interesante formulación desta énfase na inxustiza social toma forma nos retratos do sometemento a unha xerarquía social impermeábel e desapiadada, que aparece en varias das narracións da revista. A primeira é o conto de Antonio Baltar “Táboas pra un cadaleito”, no que conta a historia dun humilde labrador que, tras recuperarse milagrosamente dunha enfermidade que parecía predestinada a acabar coa súa vida, debe pagarlle ao señor da aldea as táboas vellas que este cedera para facerlle ao moribundo un cadaleito que rematou por non precisar (1955b). Nunha liña onde o orgullo de clase aparece como remedio posible ante a indefensión dos máis humildes, Xosé Ruibal (1925-1999) relata a historia duns labradores que se unen para enfrontarse á explotación que deles fai o seu alcalde, mais rematan todos na cadea, nun desenlace que mata de pena ao ancián protagonista do conto homónimo, “Tolitates” (1956). O texto de Ruibal coincide no tempo coa emerxencia, na fase final de *Galicia Emigrante*, dunha serie de relatos máis explicitamente políticos, asinados por escritores como Ramón de Valenzuela, Antón Moreda ou Xosé Neira Vilas. Precisamente o escritor de Gres asinará a narración “O castigo”, onde conta a historia dun neno campesiño extremadamente traballador, que se erguía todas as mañás antes do amencer para poder compaxinar a escola coas súas responsabilidades nos traballos do agro, motivo polo cal un día queda durmido e, ao espertar, atopa o seu gando pacendo o predio do señor da aldea, que acode a cabalo e, ao ver a escena, mata ao neno dun disparo polas costas (1958).

Asumindo a imperfección que toda clasificación leva implícita como condición fundacional, propuxen aquí a categoría “literatura popular” que, como todas, funciona só riscada e sinalada, así, a súa provisionalidade. Nela defínin un grupo heteroxéneo de textos que compartían escollos estilísticos, comezando pola súa orientación cara a unha literatura de ton testemuñal, que escritores como Valenzuela acentuaron mediante o recurso á primeira persoa. Asumindo de novo o risco que leva implícito todo esforzo categorizador, propuxen dous grupos de textos onde os primeiros cumprían ese duplo obxectivo que sinalaba Blanco-Amor como atinxible. Tratábase de, en primeiro lugar, habituar o lector a alimentar o seu maxín mediante o consumo de literatura e, ademais, habitualo a que, aínda na distancia da emigración, mantivese aquelas socioloxías participadas polas galegas e os galegos –tamén na emigración– como escenario das súas reflexións, ansiedades, e ilusións, nese soñar cos ollos abertos ao que se refería Gramsci cando escribía sobre a literatura popular dos folletíns. No segundo grupo dei cabida a narracións dunha maior ambición á hora de virar a literatura en ferramenta que permitise aos lectores identificarse como parte dun grupo para, en primeiro lugar, tomar conciencia da existencia dese grupo e, dende alí, das inxustizas que sufría o mesmo, no que serían os pasos previos necesarios para que ese lector xa ideoloxizado se incorporase ao proceso de transformación política que os intelectuais de *Galicia Emigrante* soñaban, dende a distancia, con desencadear.

4. Conclusións

Neste texto recuperei o proxecto dun grupo de escritores e artistas que defendían, na presentación en sociedade da AGUEA, que “El primer ‘compromiso’ de un intelectual, cualquiera que sea su actividad, debe estar en relación con la actualidad de su pueblo” (*Galicia Emigrante* 1956a: 1). Para eles, a refracción a Galiza dese rol social que era o do intelectual debía ter como finalidade a de “quebrar con su obra la fatalidad de la historia gallega” e “ganar la historia forzando tiempos nuevos y nuevos modos de vida colectiva. Aún viviendo y trabajando fuera de Galicia” (*Ibid.*: 1). Se tomei prestadas ao longo do artigo algunhas ferramentas das reflexións de Antonio Gramsci sobre literatura popular foi porque a oposición que Gramsci formula entre esta e o que el chama tradición “libresca” permite unha homoloxía coa maneira en que a xente de *Galicia Emigrante*

pensaba o seu propio proxecto, a contraño do outro grande polo da intelectualidade galeguista do momento, o grupo artellado á volta da editorial Galaxia. Eduardo Blanco-Amor ofrece de novo pistas ao respecto, nunha entrevista realizada para a audición radial de *Galicia Emigrante*, en 1955, cando afirma, a propósito do estado da cultura na Galiza peninsular, que existe “demasiada erudición, demasiado intelectualismo, demasiado alejamiento del pueblo. Los escritores dan la sensación de escribir unos para otros”. Fronte a esa dinámica, a colectividade porteña aparece como un espazo no que, defende Blanco-Amor, “convivimos en bloque y actuamos con interdependencia”, en referencia á relación dos intelectuais cunha emigración galega a Buenos Aires que, di el, “es, mayoritariamente, una masa de campesinos” (*Galicia Emigrante* 1955: 24).

A historia que recuperei coa miña escritura aconteceu nun momento en que a xente de *Galicia Emigrante* consideraba quebrada a ponte cara á sociedade galega que debían constituír os seus colegas de Galiza e, en consecuencia, converteron á colectividade galega emigrada á Arxentina en destinatario principal do seu labor cultural. Nunha formulación que non estaba exenta dunha certa idealización da capacidade das ideas para desencadear a praxe —emblemática pola metáfora da iluminación na lectura campesiña colectiva citada antes, unha imaxe á que Seoane volve, tres anos máis tarde, nunha das súas audicións radiais (1989: 309)—, a xente de *Galicia Emigrante* apela

sistematicamente a un “pobo” que presenta como protagonista da interrupción dunha fase do proceso histórico galego marcada pola inxustiza social. Mais trátase aínda dun protagonista en estado de latencia, pendente de ser activado a través das ideas, tal e como deixa claro o propio Seoane na retórica mesiánica que dá á súa obra de teatro *La Soldadera* (1957), texto clave para explicar este momento de grande importancia na historia intelectual galega, no que comezan a cristalizar as diverxencias ideolóxicas e culturais que determinarán a consolidación dos diferentes polos que, na súa interacción, darán forma ao nacionalismo galego das seguintes décadas. Momento, tamén, de grande importancia na historia recente da literatura en lingua galega, pois as páxinas do folletín literario de *Galicia Emigrante* serán o escenario para ensaios exploratorios de solucións —como foron a narrativa do recordo da guerra en Ramón de Valenzuela, ou a estilización da lingua popular a través da literatura narrativa en Blanco-Amor— que se converterán cos anos en fitos ineludibles da narrativa en galego de posguerra, como foron as novelas *Non agardei por ninguén* (1957) e *A Esmorga* (1959), publicadas ambas noutra das ferramentas dinamizadas polos mesmos exiliados galegos, a editorial Citania. Mais esa é unha historia para outra investigación, pois esta xa atinxiu os límites que lle foran suxeridos, e non lle queda máis que mesturarse coas súas compañeiras, presentadas tamén naquel enriquecedor congreso de setembro do 2018.

5. Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (1994): *As palabras no exilio: biografía intelectual de Luís Seoane*. Vigo: Xerais.
- Alonso Nogueira, Alejandro (2009): “Blanco Amor e a constitución do campo literario galego durante os anos de Galaxia”, *Grial* 184, pp. 28-35.
- Alvajar, César (1954): “Filosofía de la saudade”, *Cuadernos del Congreso por la libertad de la cultura* 6, pp. 107-108.
- Amat, Jordi (2016): *La primavera de Múnich. Esperanza y fracaso de una transición democrática*. Barcelona: Tusquets.
- Ardis, Ann (2008): “Staging the Public Sphere: Magazine Dialogism and the Prosthetics of Authorship at the Turn of the Twentieth Century”, *Transatlantic Print Culture, 1880-1940*. London: Palgrave Macmillan, pp. 30-47.
- (2015): “Modernist Print Culture”, *American Literary History* 27/4, pp. 813-819.
- Baltar, Antonio (Luís Estévez) (1955a): “Festa e transmutazón nos Andes”, *Galicia Emigrante* 8, pp. 12-13.
- (1955b): “Táboas pra un cadaleito”, *Galicia Emigrante* 12, p. 19.
- Blanco-Amor, Eduardo (1954): “Proloquio”, en Ben-Cho-Shey, *Andrómenas: contos para o pobo*. Vigo: Monterrei, pp. 9-14.
- (1955a): “A medrosa Blandina”, *Galicia Emigrante* 11, pp. 13-14.
- (1955b): “A tía lambida”, *Galicia Emigrante* 13, pp. 14-16.
- (1955c): “A lebre das ánimas”, *Galicia Emigrante* 16, pp. 22-24.
- Brooker, Peter e Andrew Thacker (eds.) (2013): *The Oxford Critical and Cultural History of Modernist Magazines*. Oxford / New York: Oxford University Press.

- Bulson, Eric (2016): *Little Magazine, World Form*. New York: Columbia University Press.
- Capelán Rey, Antón (2010): *Luis Seoane en Compostela e outros ensaios*. Compostela: Laiovento.
- Chartier, Roger (1994): *Libros, lecturas y lectores en la Edad Moderna*. Madrid: Alianza Editorial.
- Consello da Cultura Galega (2001): *Repertorio biobibliográfico do exilio galego: Unha primeira achega*. Compostela: Consello da Cultura Galega.
- (2006): *1856 – Banquete de Conxo – 1956: Primeiro Congreso da Emigración Galega, feito desde o 24 ao 31 de xulio de 1956 en Buenos Aires*. Actas, edición facsimilar. Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Fernán Vello, Miguel Anxo e Francisco Pillado (1989) *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras*. Compostela: Sotelo Blanco.
- Franco Grande, Xosé Luís (1985): *Os anos escuros*. Vigo: Xerais.
- (2004): *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*. Vigo: Galaxia.
- Galicia Emigrante (1955): “Entrevistas de la audición radial de ‘Galicia Emigrante’”, *Galicia Emigrante* 12, pp. 23-24.
- (1956a): “AGUEA”, *Galicia Emigrante* 22, pp. 1-2.
- (1956b): “Cursos de A.G.U.E.A”, *Galicia Emigrante* 23, pp. 1-2.
- Glondys, Olga (2012): *La guerra fría cultural y el exilio republicano español: “Cuadernos del Congreso por la Libertad de la Cultura”, (1953-1965)*. Madrid: CSIC.
- Gramsci, Antonio (1977): *Cultura y literatura*. Barcelona: Península.
- Hammill, Faye e Mark Hussey (2016): *Modernism’s Print Cultures*. London: Bloomsbury.
- Maside, Carlos (2015): *Correspondencia [1928-1958]*. Compostela: Alvarelllos.
- Neira Vilas, Xosé (1957): “A volta”, *Galicia Emigrante* 26, pp. 23-24.
- (1958): “O castigo”, *Galicia Emigrante* 34, pp. 23-24.
- Nóvoa, Leopoldo (1954): “O fantasma fuxido”, *Galicia Emigrante* 3, pp. 16-17.
- Núñez Búa, Xosé (1954): “Un libro gallego”, *Galicia Emigrante* 3, pp. 24-25.
- (1955): “O abade Don Uxío”, *Galicia Emigrante* 12, pp. 18-19.
- (1957): “O asobio de melro”, *Galicia Emigrante* 28, p. 22.
- (1958): “Antón Ribeiro”, *Galicia Emigrante* 33, pp. 22-23.
- Palmás, Ricardo (1995): “Rafael Dieste e as súas clases na AGUEA”, en A. Casas (ed.), *Tentativas sobre Dieste*. Compostela: Sotelo Blanco, pp. 109-116.
- Piñeiro, Ramón (1951): “Significado metafísico da saudade”, en VV.AA., *Presencia de Galicia*. Vigo: Grial (Galaxia), pp. 5-25.
- (1989): “Heidegger na cultura galega”, *Grial* 103, pp. 384-389.
- Piñeiro Otero, Teresa e María de la Encina García Cofrades (2016): “Recordando a Maruja Boga. La voz de la emigración gallega en la radiofonía argentina”, *Historia y Comunicación Social* 21/2, pp. 541-563.
- Romano, Eduardo (1985): “¿Existió el ‘escritor’ de radioteatro?”, en A. Ford, J. B. Rivera e E. Romano, *Medios de comunicación y cultura popular*. Buenos Aires: Legasa, pp. 53-64.
- Ruibal, Xosé (1956): “Tolitates”, *Galicia Emigrante* 25, pp. 25-26.
- Ruiz de Ojeda, Victoria A. (1994): *Entrevistas con E. Blanco-Amor*. Vigo: Nigra.
- Sarlo, Beatriz (1991): “Literatura e historia”, *Boletín de historia social europea* 3, pp. 25-34.
- Seoane, Luís (1954): “Nuestra audición”, *Galicia Emigrante* 5, p. 0.
- (1957): “El exiliado y el perro”, *Galicia Emigrante* 28, p. 0.
- (1989): *Escolma de textos da audición radial de Luis Seoane*. Sada: Edición do Castro.
- Valenzuela, Ramón (1956a): “O ciclón”, *Galicia Emigrante* 17, pp. 22-23.
- (1956b): “Pepe de Bramil”, *Galicia Emigrante* 24, pp. 23-24.
- Vilanova, Alberto (1966): *Los gallegos en la Argentina*. Buenos Aires: Ediciones Galicia.
- Villares Paz, Ramón (2017): “O Consello de Galiza na estratexia dos exilios ibéricos, 1939-1950”, en X. M. Núñez Seixas e R. Villares Paz (eds.), *Os exilios ibéricos: Unha ollada comparada nos 70 anos da fundación do Consello de Galiza*. Compostela: Consello da Cultura, pp. 15-93.
- White, Eric (2013): *Transatlantic Avant-Gardes: Little Magazines and Localist Modernism*. Edinburgh: Edinburgh University Press.
- Williams, Raymond (2007): *Politics of Modernism*. Londres: Verso.